

O ARQUIVO SONORO DE GALICIA: FONTE PARA O ESTUDO DA NOSA IDENTIDADE

Transformando a música en patrimonio. Xornada técnica

Biblioteca de Galicia, 31 de maio de 2024



CONSELLO DA CULTURA GALEGA

- ❑ **Órgano estatutario:** vén determinado polo artigo 32 do Estatuto de Galicia, e responde ás obrigas e facultades que, para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, corresponden á Comunidade Autónoma.
- ❑ Réxese pola lei de **creación, a Lei 8/1983**, do 8 de xullo, e mais polo Regulamento de organización e funcionamento aprobado pola Xunta de Galicia (Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega) así como polas Normas de funcionamento interno do Consello da Cultura Galega (aprobadas no Pleno do 29 de novembro de 2009).
- ❑ Institución de **carácter asesor e consultivo**, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, dotado de personalidade xurídica e composto por membros representativos de entidades dos diversos campos da cultura e por personalidades sobranceiras que contribúan ao desenvolvemento da cultura de Galicia.

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Obxectivos: centrados nos valores culturais de Galicia

- PROMOVER e FOMENTAR
- ASESORAR
- INVESTIGAR
- DIFUNDIR
- PRESERVAR

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

ESTRUTURA :

- PLENARIO: 25 membros
- COMISIÓN EXECUTIVA: 4 membros
- SECCIÓNS: 6
- COMISIONS TEMPORAIS
- ARQUIVOS: 4



<http://consellodacultura.gal/>

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

OBXECTIVOS centrados no PATRIMONIO SONORO GALEGO, como eido fundamental para revalorizar e manter a diversidade cultural.

TAREFAS

- recuperación
- preservación
- catalogación
- difusión
- estudo

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

Algunhas consideracións previas

O Arquivo Sonoro de Galicia asume a **conservación patrimonial de fondos únicos:**

- Memoria sonora da emigración (1947 en adiante)
- Fondos de RNE en Galicia (convenio 2010)
- Material etnomusicolóxico (Schubarth-Santamarina, P. Carpintero...)

O Arquivo Sonoro de Galicia **non recibe o DL de Galicia** (Biblioteca de Galicia)

Entrada dos fondos: doazón ou compra

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

DOCUMENTO SONORO: qué é

FONTE DOCUMENTAL MOI VALIOSA E, NALGÚNS ASUNTOS, IMPRESCINDIBLE

- Lingua galega tanto no apartado culto (conferencias...) como no apartado popular (material de recolleita): índice de emprego, ámbitos, períodos, sintaxe, fonética., áreas lingüísticas...
- Etnografía: historias de vida, tradición oral (contos, lendas, costumes, toponimia...)
- Etnomusicoloxía: fixación de música tradicional que non ten partitura
- Interpretacións musicais
- Interese sociolóxico: emigración, programas radiofónicos...
- Interese histórico e político
- Sons antropolóxicos : os que crea o home
- Sons da natureza

ARQUIVO SONORO DE GALICIA



FONDOS SONOROS INÉDITOS



FONDOS SONOROS EDITADOS

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

FONDOS SONOROS INÉDITOS

- importante colección de documentos sonoros inéditos, históricos e actuais, e sempre relacionados con Galicia
- documentos sonoros únicos e exclusivos
- rexistrados directamente da fonte
- non dispoñen de duplicados impresos
- non están suxeitos a ningún tipo de produción previa nin difusión comercial posterior, a diferenza das edicións discográficas

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

FONDOS SONOROS INÉDITOS: clasificación segundo contidos

▪ ARQUIVO DA PALABRA

- voces de persoeiros da cultura galega
- proceden da emigración, do exilio, da Galicia interior ou exterior
- históricos ou actuais
- contidos: todos os ámbitos da cultura, ciencia, política...
- actos: conferencias, entrevistas, actos políticos, etc...
- Ex: fonopostal Castelao, mensaxe 8-10-1941

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

▪ ARQUIVO DA PALABRA: EMIGRACIÓN E EXILIO GALEGO

COLECTIVIDADE GALEGA: Centro Galego, Centro Galicia, Hermandad Gallega de Venezuela...

- Xornadas Patrióticas Galegas:
 - Bos Aires
 - ao redor 25 xullo
 - convidado de honor
 - actos diversos: conferencias, banquetes, etc...
- Concursos musicais: gravacións (López García-Picos: *Sindy*)
- Programas radiofónicos: difusión da música galega -interior e exterior-
- Colección Pampillón





Aquí están á túa beira, Ramón Otero Pedrayo, todo o que ten de vivo e de palpitante a nosa colectividade galega. Aquí hai xentes que chegaron hai medio século en procura de novos horizontes, que tiveron fillos e netos e bisnetos, que traballaron a prol de Galicia e a prol desta patria. Aquí están os pioneiros desta obra de arte e de espiritualidade, que somos os galegos de Bos Aires nas súas mellores creacións. Aquí están xentes pertencentes a todas as capas sociais dos galegos de Bos Aires. O obreiro manual que naufragou comigo nun barco, sendo os dous tripulantes de cámara, o obreiro industrial, o comerciante mediano, o gran comerciante, o grande industrial, o escritor, o poeta. En fin, todos os galegos que formamos unha colectividade baixo un signo fraterno de comunidade humana e humanística baixo do signo de Galicia, de Compostela e do seu profundo senso cristián.

Aquí están, aquí están todos aqueles homes que furtándolle tempo ao traballo e ao descanso fixeron a creación das nosas máis grandes institucións e das nosas pequenas institucións diseminadas baixo a advocación de axuntamentos, de parroquias, de vales, de montañas sen



ARQUIVO SONORO DE GALICIA

- **ETNOMUSICOLOXÍA**

- Fondo Dorothé Schubarth e Antón Santamarina: 248 CD+ transcripcións letras + casetes orixinais (finais anos 90). Dixitalización.
- Fondo Pablo Carpintero: 325 h (2005)

- **ETNOGRAFÍA**

- Fondo A Regionalista-Teo
- Fondo Concello de Moaña: 300 CA
- Fondo IES. 1ºs 90
- Centros da Terceira Idade. 1992

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

▪ PROGRAMAS RADIOFÓNICOS

- Galicia: *Da terra e dos tempos...*
- Fondo RNE-Galicia: máis de 7003 documentos (8340 ficheiros de audio)
- Fondo Ramiro Cartelle: moi valioso musicalmente
- Emigración: *Recordando a Galicia, Sempre en Galicia...*

▪ GRAVACIÓNS MUSICAIS INÉDITAS

- Composicións músicos galegos: maquetas, AGC...
- Concertos promovidos polo CCG: *No bico un cantar, DLG*, actos varios...
RFG ou OSG, cuartetos, piano e voz...



ARQUIVO SONORO DE GALICIA

FONDOS SONOROS EDITADOS

- Producción discográfica galega: máis de 11.000 exemplares



- editada en Galicia: Clave Records, Sons Galiza, aCentral Folque...
- editada fóra: Edigsa, Discmedi, Warner Music, Boa...
- editada na emigración: Hermifono, Odeón, Instituto Argentino de Cultura Gallega...
- editada no exterior: Camden (New Jersey), Cuba, Nova York...

Inventario: <http://consellodacultura.gal/paxina.php?id=7474&tipo=paxina&arq=4>

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

FONDOS SONOROS EDITADOS

- CONTIDOS


- MUSICAIS: todos os xéneros



- folk: Milladoiro, Luar na Lubre, Berrogüeto...
- tradicional: Treixadura, Leilía, Tanxugueiras...
- pop: Xoel López, Iván Ferreiro, Os Tamara...
- jazz: Abe Rábade, Nani García, Baldo Martínez...
- culta: A. Gaos, Marcial del Adalid, Juan Durán...
- cantautor: L. E, Batallán, A. Prada, Suso Vaamonde...
- rock: Zënzar, Heredeiros da Crus...

- ARQUIVO DA PALABRA: recitais poéticos (María Casares), humor (O Xestal, Joselín)

SOPORTES SONOROS MUSICAIS



- CA
- LP
- EP
- CD
- LOUSAS
- SCD
- CD-DVD
- CD-DVD-L
- CD-L
- CD-LE
- DVD
- DVD-L
- USB-L
- SI
- SI-L-FLEXIDISC
- CA-L
- CA-E
- CR
- FO
- RP
- CC
- CD-R
- CD-R-L

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

FONDOS SONOROS INÉDITOS E EDITADOS

Catalogación

Catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. KOHA

ex: [https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1000690&query_desc=\(milladoiro\)](https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1000690&query_desc=(milladoiro))

fondo sonoro no catálogo: + 11.000 rexistros (editados e inéditos)

fondo bibliográfico: preto 500 referencias

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

FONDOS SONOROS INÉDITOS E EDITADOS

Dixitalización

- Migración constante
- Dixitalización lousas: 5 ficheiros
 - Copia de arquivo: 96hkzs/24 bits, sen edición nin restauración
 - Copia de uso: wav 44,1 hkzs/16 bits, editado e restaurado
 - Copia acceso web: mp3
 - fotos carátula e galleta en jpg
 - fotos carátula e galleta en tiff

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

1ªs lousas conservadas galegas

- 1904: laboratorio móbil de gravación da Compagnie Française du Gramophone
Iniciativa de Pedro Ferrer (1870-1939), fotógrafo coruñés
- 1904: Coro Aires d'a Terra: 7 lousas
- 30 de maio de 1904: Orfeón El Eco da Coruña: *Alborada gallega*



ARQUIVO SONORO DE GALICIA

COLECCIÓN DE LOUSAS

especial web lousas : http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/coleccion-de-lousas/

- 744 exemplares: catalogados e dixitalizados
- período edición : 1904-1957
- procedencia: discográficas en España (Barcelona, San Sebastián...)
emigración (Cuba, Arxentina, New Jersey, Italia, Nova York...)
- xéneros musicais: tradicional, culta -ópera e zarzuela-, popular, humor, emigración, canción lírica, coros

ORFEÓN EL ECO DA CORUÑA

Fundado en 1882 por Pascual Veiga, pai do orfeonismo

Gramphone: A Coruña, 1904

<http://consellodacultura.gal/noticia.php?id=7347&tipo=paxina>



TEMA EMIGRACIÓN

FORTUNIO BONANOVA (Mallorca, 1895 – Los Ángeles, 1969)

Galleguita (1925)

música, Horacio Pettorossi

letra, Alfredo Navarrine

New York: General Phonograph Corporation, 1925

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1245325>



Ciudadano Kane: dirección, Orson Welles. 1941. O profesor de canto, Matisti



Galleguita,

la divina,
la que a la playa argentina
llegó una tarde de abril,
sin más prendas
ni tesoros
que tus negros ojos moros
y tu cuerpito gentil;
siendo buena
eras honrada
pero no te valió nada
que otras cayeron igual,
eras linda
galleguita
y tras la primera cita
fuiste a parar al "Pigall"

Sola y en tierras extrañas,
tu caída fue tan breve
que, como bola de nieve,
tu virtud se disipó...
Tu obsesión era la idea
de juntar mucha platita
para tu pobre viejita
que allá en la aldea quedó.

Pero un paisano malvado
loco, por no haber logrado
tus caricias y tu amor,
ya perdida la esperanza
volvió a tu pueblo el traidor
y, envenenando la vida
de tu viejita querida,
le contó tu perdición
y así fue que, el mes pasado
te llegó un sobre enlutado
que enlutó tu corazón.

Y hoy te veo,
galleguita
sentada triste y solitaa
en un rincón del "Pigall"
y la pena que te mata
claramente se retrata
en tu palidez mortal.

Tu tristeza
es infinita...
Ya no sos la galleguita
que llegó un día de abril,
sin más prendas
ni tesoros
que tus negros ojos moros
y tu cuerpito gentil.

FORTUNIO BONANOVA

- *Galleguita*. 1925



VOCES FEMININAS

OFELIA NIETO (1898-1931)

Un adiós a Mariquiña: poema de M. Curros Enríquez; música de X. Castro "Chané"

Barcelona : Odeón, 1926

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1044183>



Ofelia Nieto no papel de *Maruxa* aos 14 anos. Teatro da Zarzuela. Madrid

OFELIA NIETO

- *Un adiós a Mariquiña*. 1926



ARQUIVO SONORO DE GALICIA

DIVULGACIÓN: GRAVACIÓNS EN REDE

- COLECCIÓN DE LOUSAS:

[Colección de lousas | Consello da Cultura Galega](#)

- VOCES CENTENARIAS: M. Villanueva, María Casares, A. Tovar...

<http://consellodacultura.gal/especiais/voces-centenarias/index.php>

- ALBUM DE GALICIA: María Luisa Nache, Pucho Boedo, Marcial del Adalid...

<http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/>

- CALIGRAFÍAS MUSICAIS: Padre Calo, R. Groba...

[Caligrafías musicais - CONSELLODACULTURAGALEGA](#)

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

XORNADAS de estudo e divulgación

- I O son da memoria: *O patrimonio oral e a música popular*. 1999
- II O son da memoria: *Metodoloxías de arquivo*. 2000
- III O son da memoria: *De quen é a palabra. Arquivos sonoros e propiedade intelectual*. 2003
- IV O son da memoria: *A música galega na emigración*. 2004
- V O son da memoria: *As coleccións sonoras de Galicia ante o presente dixital en rede*. 2012
- *Os arquivos sonoros: memoria e patrimonio*. 2020
- *Arquivos, mulleres e tradición*. 2020
- *A preservación do patrimonio sonoro galego en arquivos, museos e fundacións*. 2021
- *A música afonsina en Galicia*. 2021
- *A industria discográfica en Galicia*. 2022

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

XORNADAS de estudo e divulgación

- Historia, dixitalización e preservación de documentos sonoros. 2023
- Música e videoxogos dende Galicia. 2023
- Ecos medievais: a voz e a arpa, testemuñas e transmisores da alma musical do pasado. 2023
- O Arquivo Sonoro de Galicia: fondos inesgotables para apreender a nosa cultura. 2024



ARQUIVO SONORO DE GALICIA

CURSOS

- *Metodoloxías e catalogación de recollida de campo en música tradicional.* Dorothé Schubarth. 2003
- *Conservación de rexistros sonoros.* Enric Giné e Margarida Ullate. 2011



EDICIÓNS

- Colección *As Nosas Voces*: 22
- Outras varias: recitais poéticos, recollida
- Actas I, II e III O son da Memoria
- Actas IV O Son da Memoria: *A música galega na emigración*



Coa Sección de Artes escénicas, musicais e audiovisuais

- Andrés Gaos: Obras para piano e violín e piano (CD)
- Antoni Rossell&G. Courtly Music Consort: Galicia e as Cantigas de Santa María de Afonso X (2 CD)
- *Sobre Arriola. 2010*
- *Arriola. Obra musical. 2020*
- Carlos López García-Picos: *Obras para violín e piano. 2022*
- Ángel Rodulfo: *Melodías galegas. 2021*

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

ARQUIVO SONORO DE GALICIA

asonoro@consellodacultura.gal

Tlf. 881 995 147

